



Sempre en Foz,

SUSO FERNÁNDEZ

Suso Fernández

naceu en Foz, de familia tradicional focega, numerosa e benquerida.

Viviu sempre en Foz, en Foz creou familia, e desenvolveu unha infinitade de actividades, individuais ou colectivas, profesionais ou sociais, sempre levando a Foz por bandeira, sempre teimando polo progreso do seu pobo.

Sempre falando de Foz; louvando Foz; representando a Foz a onde chegase; sempre prestixiando a Foz.

Foz tenlle ofrecido os maiores agasallos -Fillo Predilecto, Cronista Oficial... e agarimo popular-, e agora que as forzas físicas poden minguar, pero o espírito e o amor por Foz seguen incólumes nel, quere o concello de Foz de novo facerlle saber no nome de todos os focegos a simpatía que en todos despertou sempre, e o agarimo que en todos suscita velo transitar -sempre con Marita- polo noso -e seu!- benquerido Foz.



**Concello
de Foz**

Coordinación:
Antonio Giz

Documentación e imaxes:
Concello de Foz, Antón Niñe e Arquivo familiar

Textos:
Xulio Xiz

**COLECTIVO
EGERIA**




Suso de Foz

Moi poucas persoas, contadas cos dedos das mans, son coñecidas polo seu nome propio xunto co do seu pobo.

Quen oficialmente se chama JESÚS FERNÁNDEZ LÓPEZ, para os amigos foi moi axiña SUSO FERNÁNDEZ, por vencello familiar sempre foi SUSO DO BAHÍA e, co paso do tempo, a incesante actividade e entrega á terra e ás súas xentes, chegou a ser SUSO DE FOZ. O incommensurable SUSO DE FOZ.

Da colleita de 1937, Suso foi o máis novo de once irmáns e irmás da familia DO BAHÍA -tamén coñecida como OS DO XUEZ-, formada por María López Becerra (María de Botes) e José Antonio Fernández (O Xuez). Estudou no Colexio Martínez Otero de Foz, no daquela Instituto Masculino de Lugo (que recolle ao Suso escritor como antigo alumno), e no Colexio Irmáns Maristas de A Coruña. Estudou Maxisterio e fíxose Procurador dos Tribunais, pero as inquedanzas e a vida tíñanlle preparada unha complexa dedicación e servizo ao seu pobo. Aínda que non o soubese conscientemente, estaba predestinado a ser o grande SUSO DE FOZ!



Para chegar a este primeiro e honroso título medrou e viviu en Foz. Viviu para Foz. Foi todo en Foz. Pero o máis importante é que é querido por Foz e os focegos, conscientes que este SUSO FERNÁNDEZ, o SUSO DO BAHÍA, á venerable altura dos seus 84 anos, lles ten ofrecido o traballo de toda a súa intensa vida. Toda a súa vida. E isto nótase, todos o notan, e fanlle notar a SUSO o seu agarimo e devoción.

Sempre, Foz

Querido, admirado e respectado polo seu pobo; profeta na súa terra.

Xesús do Breogán




En Foz só hai un SUSO por máis que leve o apelido de Fernández e o sobrenome "do Bahía".

Manuel Lombao



A súa mirada transmite a seguridade amistosa do mestre que ensinou tanto a tanta xente.

Luis Rial



FERNÁNDEZ LÓPEZ, XESÚS
(SUSO FERNÁNDEZ)
(Foz, Lugo, 1937)



Libreiro, propietario da Librería Bahía de Foz. Promotor da Ruta do Mariscal Pardo de Cela e da Feira de Artesanía de Galicia. Fundou e presidiu a Asociación Cultural O Feitizo e o Radio Club Costa Lugo. É cronista oficial de Foz.

Autores do INSTITUTO de LUGO
IES LUCUS AUGUSTI



Manuel Celso Matalobos





Suso de Marita



Na actualidade, Suso precisa do apoio físico de Marita para camiñar por Foz, do mesmo xeito que sempre precisou dela para camiñar pola vida.

X. Ramón Fernández Lombardero considera que "Suso xa naceu enamorado de Marita; o que hai que apuntar por ambas partes na gran compenetración, na afinidade de sentimentos e no propósito de encontrar a felicidade un ao lado do outro ao longo destes anos".

Casan en 1963. Teñen catro fillos (María do Ceo, César, Saleta e Cristal), dos que quedan tres, porque, como explica Constantino Mariño: "Cristal, tan resplandecente / xa non habita entre nós. / Unha estreliña fugaz / no firmamento de Foz". E sete netos: Iago, Agua, Laura, Manuel, María, Mauro e Abril.

Suso é un home esencialmente familiar e os seus amigos agardamos cada ano a súa mensaxe de Nadal, que ven subscrita por "Suso, Marita, e toda a tripulación".

Suso e Marita formaron, conformaron, unha familia feliz. E a perda de Cristal, a dor pola súa ausencia, pon especialmente de relevo a forza dunha familia unida nun pobo que sabe apreciar aos seus referentes e agradecer o papel de Suso e Marita no progreso de Foz.



Cristal

Sempre Suso, sempre Marita...

Ambos (Suso e Marita), sodes un tesouro! Si, un e non dous; ou... más probablemente, dous nun.

Xosé Manuel Carballo (+)

Maritiña: formas parte esencial de esa formidable persona que es Suso, su roca, siempre animándole, como el faro que ofrece seguridad e ilumina la inspiración.

Sotero del Castillo

Ao lado de Suso, Marita, a súa dona, un respaldo, o timón do barco porque, aínda que non se vexa, ela ocupa un lugar destacado na actividade social e cultural de Suso.

Antón Niñe





Sempre en Foz,
SUSO FERNÁNDEZ

Suso do Bahía / Suso da Bahía



O Bahía era o negocio familiar. "Os do Bahía" era o nome colectivo dos da casa. Suso era o de maior actividade exterior, polo que moi axiña foi un dos seus nomes propios.

No Bahía participaba toda a familia, e as imaxes evidencian que Suso era colaborador, participante, animador, relacións públicas... porque no Bahía, hotel, comercio, sala de festas, sempre había moito que facer.

E Suso conservou o nome de SUSO DO BAHÍA, aínda que moi ben podería ser logo o de SUSO DA BAHÍA, por ter bautizado así a súa librería, o negocio da familia que formou, moito máis ca unha librería, ou unha librería moi especial que tamén foi imprenta e editorial. O seu titular foi impulsor da asociación de libreiros, directivo da Federación de Libreiros de Galicia, e impulsor das Feiras do Libro de Foz.

Foi ao casar con Marita, en 1963, cando establecen as primeiras imprenta e librería na historia de Foz. Creou a Feira do Libro de Foz en 1986, e foi promotor e director durante moitas edicións. No 25 aniversario desta feira (2002) a Federación de Libreiros concedeuelle á Bahía o Premio Irmandade do Libro pola promoción da cultura e da lectura.

Durante varios anos compaxinou este traballo co mundo da banca, ocupando o cargo de director da sucursal de Foz do Banco de Noroeste.

Sempre o libro...

Entraba un na Bahía, a súa librería, e sempre estaba Suso para falar da xente e das cousas da bisbarra e de moitos outros temas.

Perfecto Conde



A Librería de Suso e Marita, xunto coa Biblioteca, son a columna vertebral de Foz, o alimento espiritual que non se encontra en ningún outro sitio.

Alicia Tella Villamarín




Se Suso non fose un libreiro apaixonado polo seu oficio e pola cultura, eu nunca tería gañado o meu primeiro premio. Nunca tería escrito nada. Para mim foi tan importante recibilo como descubrir que existían persoas coma Suso Fernández, pola súa fe na cultura e a súa xenerosidade persoal, da que todo mana.

Luisa Castro Legaspi



Feira do libro 1993, pregoada por Paco Martín

A primeira Feira do Libro de Foz





Suso, Cronista

A vocación xornalística de Suso de Foz leva manifestándose desde hai case setenta anos (1954) do xeito máis variado en canto a medios, e especializado no que se refire a Foz, a Mariña, e as xentes que aquí teñen a súa primeira patria.

Ten colaborado nos máis diversos medios escritos (El Progreso, La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Ideal Gallego, Faro Deportivo...), en emisoras de radio (especialmente en Radio Popular de Lugo, Cadena Ser en Navia, Onda Cero e Radio Foz), en Internet (GaliciaDigital...), creando e dirixindo medios propios nas entidades focegas nas que traballou, como o periódico ROMPEOLAS, do Club Náutico de Foz, do que foi Presidente, ou DESPERTAR, editado pola Asociación de Comerciantes e Industriais.

Mención especial merece a revista oral A RAPADOIRA, da que foi fundador e director, porque entraña directamente a actividade periodística coa de conferencante e presentador, tendo pronunciado ducias de conferencias sobre Manuel María ou Fernández Mato, Pascual Veiga, Curros ou Noriega... E sobre Foz, especialmente Foz. Especialmente por isto, e por un sen fin de razóns, o seu concello nomeouno CRONISTA OFICIAL DE FOZ, posto que desempeñou brillantemente mentres as forzas físicas llo permitiron.

Escribir e falar...

Faloulles Suso de Foz, / "Acarón" da radio toda,
falou rexo, falou ben, / coa forza dunha marola.

Quen puidera, quen soubera, / cantar como el cantou,
a Foz, ao mar da Mariña / e ás terras polas que andou [...]

O home de Foz transita / amando o amor de Marita.

Marcial González Vigo



Suso Fernandez non só é profundo coñecedor da historia de Foz e do devir más recente, senón en moitos casos protagonista destacado. E como ademais sabe escribilo ben, velaí as razóns obxectivas da xeneral aceptación como Cronista oficial de Foz.

Luis Cordeiro Rodríguez



Sempre me impresionou a figura de Suso comunicador, capaz de porlle cor á radio con esa voz que deus lle deu, e a min me leva feito estremecer máis dunha vez.


Pepe de Noriega





Sempre en Foz,
SUSO FERNÁNDEZ

Suso Fernández, escritor



Sempre arredor de Foz, Suso Fernández ten publicado cinco libros, que son outros tantos fitos fundamentais para “entrar” nesta terra.

En 1976 publica o que foi o primeiro libro sobre a maior xoia arquitectónica do Concello: SAN MARTÍN DE MONDOÑEDO. GUÍA HISTÓRICA Y ARTÍSTICA. Con prólogo de Trapero Pardo, completaba o estudo con información turística do concello.

En 1991 ve a luz “FOZ, un lugar de ensueño”, na colección de turismo de Everest, con prólogo de Daniel Hortas, texto fundamental para coñecer Foz como lugar a visitar e para vivir.

Editado por Bahía, en 1997 publica FOZ: O MAR E AS XENTES, con límbar de Manuel María, para abordar a especial relación da súa terra co mar que a abraza, con magníficas fotos de Juan José.

Tamén editado por Bahía (e dedicado “a ti, meu amor”), xorde en 2005 MISCELÁNEA FOCENSE, con prólogo de José Ramón Ónega, para achegarnos a personaxes inesquecibles, xentes do mar e acontecementos focenses que merecen permanecer no recordo.

Por fin, tamén editado por Bahía, no 2011, o CARTAFOL DE FOZ, ateigado de nomes propios de xentes, protagonistas de artigos publicados por Suso no decurso do tempo, que deste xeito transcenden e xuntos perdurarán nas bibliotecas.

A esta relación dos textos de Suso Fernández hai que engadir -por ser editor e seguro inspirador- os VERSOS FLORECIDOS EN LOUVANZA DE FOZ, de Manuel María, no seu día premiados en Foz, nos que o lector atento está vendo o espírito e o sentimento de Suso Fernández.

Sempre os libros...

Cun caxato ou cun libro, Suso sempre convida a soñar, a viaxar a paraísos prodixiosos, a mares infindos, porque os libros tamén marcan camiños.



Alfonso Blanco Torrado

(O libro de Suso sobre San Martiño) foi a chave mestra que me abriu tódalas portas e que, despois de tantos anos, me volveu engaiolar. O libro que me acompañara na mocidade, nos meus anos de estudiante, e agora como escritor, para escribir un libro sobre o papel que esta antiga catedral, despois mosteiro, xogara nos camiños de peregrinación a Compostela.

Xoán Ramón Fernández Pacios

Suso podía escreber como Castelao un libro que se titulase “Sempre en Foz”, o mesmo que Cunqueiro faría en Mondoñedo.

Ramón Reimunde Noreña





Sempre en Foz,

SUSO FERNÁNDEZ

Suso, Fillo Predilecto de Foz

É difícil establecer o perfil social e humano que unha persoa ten que ostentar para que o seu Concello mostre por ela predilección. Sabendo que non é só unha a razón que motiva que a Suso do Bahía o Concello o teña nomeado FILLO PREDILECTO DE FOZ, escoitando aos seus amigos podemos entender as razóns que moveron á institución a facerlle a maior honra que un concello pode fazer a un dos seus fillos.

Primeiro estaría o “ser”, e para iso Manuel María -o amigo e cantor de Foz- non se cansaba de proclamar: “Oes... que gran persoa é o Suso do Bahía!”. Isto, loxicamente, era e é de dominio público, e por iso o xornalista José de Cora ten asegurado: “Vostedes coñecen a alguén que non fale ben de Suso? É unha contradictio in terminis, se falas mal, non falas de Suso”.

O tamén xornalista Alfredo Sánchez Carro afirma que “Suso foi o permanente voceiro do gran Foz co que sempre ten soñado”, e o focego Antonio Vila Araujo asegura que “non é tarefa fácil atopar en Foz alguma actividade ou iniciativa cultural na que Suso non teña intervído”.

E xa que Suso presenta toda unha vida de traballo en Foz e a prol de Foz, o seu Concello tenlo recoñecido nomeándoo Fillo Predilecto, por unanimidade dos representantes das forzas políticas.

Sempre Suso en Foz

Man amiga, man soñadora, man sincera, que alentas, cada día, ós conveciños.

Celso Dourado





Por moitos motivos, Suso Fernández é unha das persoas que fan avanzar os pobos.

Beni Mántaras



Hai anos, parolando cuns pescadores do que tiñamos e non tiñamos en Foz, apuntaba eu que en Viveiro tiñan un monumento coa estatua de Pastor Diaz, destacado romántico galego; en Ribadeo outro coa do Vello Pancho, famoso poeta por terras americanas... Con xesto ofendido contéstame un contertulio: “Nós, temos a Suso do Bahía e témolos vivo”. Tendo en conta que quen isto dícía era mariñeiro e por riba do Campo, a comparanza resulta axeitada. E a realidade ven darlle a razón. Cando un sae de Foz e se encontra un amigo que se interesa polo noso pobo, seguro que pregunta pola Rapadoira e polo Suso do Bahía.

Berio Quiroga Gallego





Sempre en Foz,
SUSO FERNÁNDEZ

O feitizo de Suso



Pode parecer xogo de palabras falar do “feitizo” de Suso, cando tivo papel esencial no nacemento da asociación así chamada. Pero o que aquí se quere poñer de relevo é a entrega, decisión e o talante de Suso para todo tipo de acción relacionada coa promoción cultural e social de Foz, o “feiticeiro” que Suso resultou ser á hora de dar vida a innumerables colectivos e iniciativas.

Comezando por “O Feitizo, amigos das artes”, da que foi fundador e presidente, lembra Juan Puchades Quilis: “O sentir pola arte levoume ata Foz, e aí estás tu, Suso. No 1977 intentas xunto con outros apaixonados constituir unha agrupación comarcal para a promoción social das artes plásticas. Un ano despois é xa unha realidade o Feitizo, e comeza a andadura cunha ilusión que nos ía unir nunha sincera amizade”.

A convención de Foz, cultura, sociedade e Suso é interminable, podendo só deixar constancia de ter sido:

- Como radioaficionado, co-fundador e relacións públicas de Radio Club Costa de Lugo.
- Co-fundador da Polifónica de Foz, tenor, vicepresidente e voceiro.
- Co-fundador da Asociación Os Bolouros, de amigos dos cogomelos.
- Co-fundador de “O Mundo da Galea”, vicepresidente e voceiro.
- Presidente da Asociación de Pais de alumnos do Colexio do Pilar, e Presidente fundador da do IES de Foz.
- Directivo de “A Rapadoira”; Presidente e voceiro do Club Náutico; Directivo e voceiro da Banda de Música; impulsor da Casa da Cultura Manuel María; Presidente da Comisión de Festas...
- Promotor e presentador de incontables actos culturais, sociais, lúdicos e benéficos; actor en obras teatrais; moderador en debates, pregóeo dos máis diversos acontecementos; organizador de concursos... e un amplísimo etc.

Axitador e Profeta

Auténtico axitador cultural. Sempre estaba aí, igual ca o faro de Foz.


José Juan Barreiro Prado

Profeta na túa terra, acertaches en saber compartir a túa vida, tan chea de obras, forza e altruísmo.

Xesús Mato

Suso, co seu vivir, a súa voz e a súa pluma, representa e proxecta as excelencias de Foz.

Xulián Parga



No Paseo de Laredo, en Foz





A forza de Suso

Se para falar do seu labor de impulsor cultural e social citamos o “feitizo” de Suso, evidenciamos agora a súa forza e traballo como impulsor de iniciativas empresariais, comerciais, turísticas, educativas ou de transcendencia social.

O seu labor de libreiro, e á vez directivo de banca, marcoulle o camiño da impulsión empresarial e por iso fundou en 1988 ACIA Foz (Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos de Foz), da que foi Presidente ata 2004.

Foi directivo da Asociación de Libreiros de Galicia e Fundador, Vicepresidente e Voceiro da Federación de comerciantes da Mariña lucense (FEMLU); Creador e organizador da Ruta Histórico-Cultural Pardo de Cela, pero tamén membro do Consello Parroquial de Santiago de Foz, das Comisións Organizadoras do XI Centenario de San Rosendo e das Vodas de Ouro do Asilo (entidade pola que demostrou especial interese), da Asociación de Amigos do Camiño Norte... sen esquecer ter sido Xuíz de Paz substituto de Foz.

No seu haber ten actividades tan dispares como os Concursos de escaparates ou o traballo para conseguir terreos para o Instituto de Foz, e ata xestións directas para lograr a creación do actual IES focense.

Pero se dunha das súas acción fixesemos mención especial, esta sería sen dúbida a creación e organización no verán de 1971 da I FEIRA DE ARTES POPULARES GALEGAS, o primeiro punto de referencia de recoñecemento e impulsión da artesanía deste país.

Sempre camiñando...

Mostrabas os camiños a seguir con convicción, humildade, persuasión e entrega.

Luis Fernández Ansedes

A Suso sempre lle ferve no ánimo o seu amor por Foz e polo libro.

Antonio Fernández Maira

Este “Cabaleiro do Mariscal” é e segue a ser un adiantado ao seu tempo.

Enrique Geada Losada



Promocionando o Camiño Norte



1ª Feira de Artes Populares Galegas



Foz en Fitur



Na CEL

Certame de escaparatismo



ACIA de Foz





Sempre en Foz,
SUSO FERNÁNDEZ



Homenaxes e distincións

Entre as homenaxes e distincións recibidas por Jesús Fernández López, Suso do Bahía, Fillo Predilecto de Foz, mencionamos as seguintes, sabendo que son tan só unha pequena parte das que se lle teñen tributado:

- Cabaleiro da Orde do Camiño de Santiago.
- Cabaleiro da Orde do Mariscal Pardo de Cela.
- Premio Poeta Manuel María do Concello de Foz polo seu labor cultural.
- License do ano 1997.
- Homenaxe de ACIA Foz no seu 30º aniversario.
- Confrade de honra do Desencravo de San Martiño de Mondoñedo.
- Medalla de prata do Orfeón de Obreiros de Mondoñedo.
- Socio de honra da Asociación Pomba do Arco de Foz.
- Premios pola colaboración cultural dos Concellos de Alfoz e Mondoñedo.
- Premio "Ardelle o eixo" da A.C. Os Aventados.
- Premio As San Lucas de Mondoñedo.
- Premio da Xuntanza de Galegos de Alcobendas.
- Premio Centro Galicia de Ponferrada.
- Placa das asociacións do Concello de Mondoñedo.
- Premio da Federación de Comercio de Lugo polo seu labor a prol do asociacionismo comercial.
- Árbore na Galea.
- Premio "Escanciador de honra" do colectivo asturiano "La Santina".
- Arcadio Mon, primeiro director da Escola Municipal de Música de Foz e fundador da súa banda (finado en 2016), compuxo na honra de Suso a "Muiñeira do Xesús", no repertorio da Banda, e "Amigo Suso", que o autor, coa guitarra, interpretou no acto de proclamación de Suso como Fillo Predilecto de Foz.
- E como remate, pola súa significación especial, a homenaxe colectiva "ENTRE AMIGOS", a xeito de libro-homenaxe de 113 dos seus amigos, coordinado polo profesor e escritor Francisco Piñeiro, que se publicou o 25 de setembro de 2010, polo seu nomeamento como Fillo Predilecto de Foz.



No Mundo da Galea



30 Anos de ACIA en Foz

El primer mariñano que consigue esa distinción ingresó ayer junto a un ministro y un conselleiro

Suso Fernández, distinguido como Caballero de la Orden de Santiago

El fozense Suso Fernández fue nombrado ayer Caballero de la Orden del Camino de Santiago. Se trata de una distinción que ayer consiguieron también el ministro Pío Cabanillas y el conselleiro de Presidencia, Xaime Pita, entre otros.


El acto se celebró durante el quinto capítulo general de la Orden del Camino de Santiago, en el monasterio de Santo Domingo de Bonaval, en Santiago de Compostela. En el acto, suscrito por el presidente del grupo militar y senador, Rafael Pousa.

Suso Fernández es el único mariñano que tiene en su haber tal distinción. Sin embargo, ayer no fue el único que ingresó en la orden, ya que además del ministro y el conselleiro, el presidente del grupo civil, José Luis Torres Colomé; el alcalde de Ferreira de Pantón, Xosé Manuel

Ledo; la senadora coruñesa Belén do Campo, dos periodistas de radio, entre otras personalidades.

Suso Fernández, aunque no se dedica a la actividad política, es sobradamente conocido y apreciado tanto por su calidad humana como por sus otras múltiples facetas. Creó e impulsó la Ruta Turística Puerto de Cela y la Asociación de Concesionantes de Foz, trabajó para la creación de la Escuela Superior del Libro y colaboró en cuanta actividad cultural y social se organizó en la localidad, por mencionar algunas de sus méritos.

Suso Fernández distinguido por su polifacética y altívata personalidad





Sempre en Foz,
SUSO FERNÁNDEZ

O que din de Suso

Meu vello lobo de mar!
Suso ten, que non ten nada...
todo llo levou a brisa,
Tan só no ollar dúas ondas
navegándolle as meniñas...
Meu vello lobo de mar!
Amigo meu: longa vida!

Paco Rivas Domínguez

Suso do Bahía,
Suso da Mariña,
Suso de Foz.
Home da súa terra e do seu tempo.
Heraldo da palabra impresa.
Neira Vilas

Suso Fernández, alegre y seductor,
que diste a Foz tu plenitud más pura.
Olimpia Pérez

Este é Suso Fernández do Bahía,
home de ben, cumprido cabaleiro,
de todos os focenses o primeiro
a gardar na memoria o día a día.
Marica Campo

Agora que áinda tratas co nordés
e fixas os límites da nosa historia
non estaría de máis
que xunto a Marita
buscaras a mellor ribeira
para agochar tantos afectos
tantas lembranzas
tantas querenzas.
Daniel Río Rubal, Caxigueiro

Amigo Suso
Foz está orgulloso
polo que fas día a día;
dámosche todos as grazas
por adicarlle a túa vida.
Por iso nunca te esquezo
Amigo Suso Bahía!
Arcadio Mon García

Mecenas da cultura na Mariña.
Isidro Alvariño

Fixo da independencia e da dignidade norte da súa vida.
Xosé Ramón Ermida Meilán

Suso sempre deixou amigos por onde pasou.
Fidel Fernán

Suso é un mestre, un irmán, un amigo, e el sabe -e eu sei- que
os amigos constitúen o mellor patrimonio que un pode ter.
Carlos G. Reigosa

Suso é o máximo gardián dese tesouro inesgotábel que
constitúe a memoria colectiva focega e, xa que logo, galega.
Carlos Nuevo Cal

A librería de Suso era coma el: accolledora.
Marina Mayoral

Home bo, de mirada limpia e de paso suave, que só aconsella
a rebelión ante a inxustiza.
Otero Regal

Eramos once, lográmonos oito, mais só quedamos el e eu.
Antonio, irmán

Xa sabedes, se algún día non o atopades en Foz, buscádeo
en Mondoñedo.
Rubén Leivas

Suso é un libreiro convertido en libro. A librería está dentro
del como un libro aberto.
Javier Rivera Ponte

Suso é unha persoa culta e intelixente, dotado dunha
prodixiosa memoria, que lle permite recuperar axiña as
leiras da estabilidade, ánda que aquí ten un caxato de apoio
inestimábel: Marita.
Pedro Rubal Pardeiro

El é a pedra da lareira de todos os fogares.
Ramón Hermida Pumares

Todas as vilas precisarían un Suso do Bahía, o mellor
embaixador que tivo Foz.
Maruja Rivas Gasalla

Suso é: metade mariñeiro, metade trovador; metade notario
da historia, metade tecedor de lendas; metade confrade de
tradicións, metade cabaleiro da Orde de San Martiño;
metade tertuliano entre tripulacións, metade moralista na
procura do camiño da razón e do ben.

Pablo Mosquera

Os empregados dos irmáns Bahía ou Xuez eramos, dalgún
xeito, empregados de todos eles, pouco nos faltaba para
levar o apellido Fernández, e a moita honra, por certo.
Jesús Oroza Vila

Para manter o navío co rumbo elixido no medio de piratas
e bravos mares hai que ter a coraxe que a ti che sobra...
Eliseo Rodríguez Sixto

Suso, Señor Foz!

E así vai Suso pola vida: contemplando, saudando, sempre a xuntar saberes, e escribindo... prosas do "Señor Foz" que nos lembran vellos episodios, históricos e consuetudinarios, da Mariña real e da soñada: unha crónica de onte, dos moitos ontes, para un hoxe arrasado por noticias que se apertan como casas en inmensas fortificacións chamadas barrios, urbanizacións, programas... Señor Foz!



Con Ramón Fernández Mato e o encadernador Crende

Manuel Lourenzo



Manuel María, un dos mellores amigos de Suso Fernández

Antón Meilán García



Suso de Foz: O Señor da Radio

Eu retiven o nome e asociei este á súa música da fala moi tempo antes de o coñecer persoalmente. Non lembro con exactitude a data, si as circunstancias. Un neno dunha aldea da Serra Faladora vai alindar as vacas e leva consigo un aparatiño de radio para que lle faga compañía. Nel sintoniza Radio Popular, e escucha na voz de Suso Fernández a descripción dos atractivos turísticos de Foz. Moitos anos despois, o timbre da voz era inconfundíbel: "Vaia, este é o señor da Radio!"

Bernardo Penabade



Contarlle á xente, como Suso de Foz

Hoxe en día o xornalismo segue a ser unha das pezas fundamentais de toda sociedade democrática. Pero nada sería igual se moitas das súas más destacadas páxinas non as escribisen homes e mulleres namorados da actualidade. Era xente que lle contaba á xente o que lle pasaba á xente. Como Suso Fernández

Periodistas amigos, en Foz

Ernesto Sánchez Pombo



Suso, Suso...

Cando o concello de Foz lle dedique unha rúa a Suso terán problemas para rotulala. Haberá debate intenso no pleno: uns quererán que se chame SUSO a secas, outros de SUSO FERNÁNDEZ, os máis de SUSO BAHÍA, e incluso unha minoría pida que se rotule RÚA DE SUSO O BÓ.

José Ramón Ónega



Para cantar coa música do Va Pensiero

Himno do Nabucco Focense

Grazas, Suso, por darnos a túa amistade.
Non hai prenda nin cartos que nos valla máis.
A ilusión e a esperanza é oí-la túa voz,
Goza agora da calma (coa Marita da alma)
Aquí, no teu Foz. Sempre en Foz!

Xestionando co Ministro de Educación a creación do Instituto de Foz

Francisco Piñeiro González